



XIII MOSTRA DE TEATRO. CONCELLO DE SADA. PREMIOS LUGRÍS FREIRE.



MEMORIA

A Concellería de Cultura e Praias, dentro das súas competencias na promoción da participación cultural activa da poboación, está interesada en continuar coa programación dun encontro de Teatro Afeccionado, que celebra este ano a súa decimoterceira edición.

O certame pretende achegar a creación teatral de compañías de carácter afeccionado, e ó mesmo tempo servir de plataforma que faga visible, dea impulso e fortaleza este sector de creación cultural. As compañías de teatro afeccionadas achegan a un amplo sector de poboación a creación dramática e serven de viveiro para facer emerxer novos talentos artísticos.

Unha das finalidades máis importantes do evento para esta Concellería é o de consolidar e aumentar o público interesado nas creacións artísticas, ademais de ser consecuentes coa labor de formación e promoción cultural que se leva a cabo dende a Escola e a Compañía Municipal de Teatro.

PROPOSTA

Que eleva ó Sr. Alcalde Dna. María Pardo Fafián, concelleira delegada de Cultura e Praias, como responsable da organización da “XIII Mostra de Teatro Afeccionado do Concello de Sada, Premios Lugrís Freire”, pola que se somete a aprobación as bases reguladoras da mesma para a súa presente edición 2017:

BASES REGULADORAS DA XIII MOSTRA DE TEATRO CONCELLO DE SADA. PREMIOS LUGRÍS FREIRE.

ARTIGO 1. OBXECTO.

A Mostra de Teatro do Concello de Sada pretende fomentar a cultura en xeral e as artes escénicas en particular. Configúrase como unha cita anual na que teñan cabida os traballos presentados por compañías de teatro amador para servir de impulso favorecedor da participación popular na cultura e promover o teatro como medio de enriquecemento cultural dos veciños e veciñas.

Con este certame inténtase achegar máis o Teatro á poboación de Sada, aportando unha pequena visión do panorama do teatro amador que se fai non só dende Galicia, senón que, na medida en que se apunten e saian seleccionadas, tamén noutras comunidades autónomas.

A Mostra pretende estimular e fomentar a participación cidadá activa, canalizada a través da actividade da Escola Municipal de Teatro de Sada.

Por último, a Compañía Municipal de Teatro do Concello de Sada atopa nesta Mostra o lugar ideal no que facer a estrea das súas obras, sendo un escaparate axeitado para os demais grupos de teatro afeccionado da localidade.

En base ao exposto, as presentes bases regularán os premios e axudas para os participantes na XIII Mostra de Teatro afeccionado de Sada.



XIII MOSTRA DE TEATRO. CONCELLO DE SADA. PREMIOS LUGRÍS FREIRE.



ARTIGO 2. REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

- 2.1. Poderán concursar grupos de teatro afeccionados, presentando a concurso o número de obras que desexen, das cales só poderá ser seleccionada unha.
- 2.2. As obras poderán ser representadas en calquera idioma.
- 2.3. Poderán participar as compañías interesadas, independentemente da súa procedencia ou da súa participación en edicións previas desta Mostra. **Non se aceptarán a concurso obras xa escollidas e representadas en edicións anteriores deste certame.**
- 2.4. **Será por conta dos grupos participantes a autorización do autor da obra.** Os dereitos de representación das obras correrán a cargo do Concello de Sada como organizador.

ARTIGO 3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE INSCRIPCIÓN

- 3.1. A inscrición das obras presentadas ó certame será realizada por representante autorizado/a da compañía. A inscrición farase mediante a presentación do ANEXO I destas Bases, no que constarán datos sobre a obra e sobre a compañía ou grupo.
- 3.2. Será imprescindible presentar, xunto coa inscrición, un vídeo do espectáculo completo, en formato DVD. Utilizarase para as tarefas do comité de selección, aceptando os grupos ou compañías que poida ser visualizado polos membros deste comité e por cantos asesores sexan requiridos por eles. Salvo petición en contra, o material audiovisual recibido arquivarase para o seu posible uso ou visualización dentro das actividades formativas da Escola Municipal de Teatro de Sada.
- 3.3. Poderase substituír a presentación do DVD en formato físico por un enlace web, con calidade de imaxe e son suficientes. Este enlace deberá permitir a visualización da obra completa ou a súa maior parte. Non será suficiente co envío de “avances/trailers” de presentación da obra.
- 3.4. Xunto coa inscrición deberase presentar toda a documentación **posible** sobre o grupo ou compañía, como:
 - Historia da Compañía ou Grupo.
 - Críticas de prensa.
 - Certames ós que concorreu.
 - Fotografía/s en cor do espectáculo.
 - Plano de luces e necesidades técnicas.
 - Cartel da obra e programa de man.
- 3.5. A inscrición das obras poderá presentarse en persoa **no Rexistro do Concello de Sada**. Tamén se poderán presentar no **Rexistro** de calquera órgano administrativo pertencente á **Administración Xeral do Estado**, no de calquera **Administración da Comunidade Autónoma**, ou nas oficinas de Correos. Nestes últimos casos, deberán ser logo enviados por correo postal, dirixidos a:

XIII MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO. CONCELLO DE SADA.

Concello de Sada.

Avenida da Mariña nº25.

CP 15160 Sada, A Coruña.

(O horario do Rexistro é de luns a venres de 9:00h. a 14:00h).



XIII MOSTRA DE TEATRO. CONCELLO DE SADA. PREMIOS LUGRÍS FREIRE.



- 3.6. A inscrición das obras **poderá realizarse mediante correo electrónico**, enviando os modelos de inscrición debidamente cumprimentados, aportando a documentación requirida no ARTIGO 3. A conta habilitada para recibir inscricións por esta vía é:
sada.cul@sada.gal.

ARTIGO 4. PRAZO DE INSCRIPCIÓN.

O prazo límite de inscrición e entrega da documentación **conclúe o 16 de xuño de 2017**.

ARTIGO 5. SELECCIÓN.

- 5.1. A selección das obras será realizada por unha Comisión formada por persoas nomeadas pola Concellería de Cultura e Praias do Concello de Sada. Poderán ser incluídas nesta comisión o persoal docente e participantes da Cía. Municipal e da Escola Municipal de Teatro de Sada.
- 5.2. A Comisión de Selección propondrá unha lista de 5 espectáculos que formarán o cartel da **“XIII MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO, CONCELLO DE SADA. PREMIOS LUGRÍS FREIRE”**.
- 5.3. A selección realizarase en base a criterios artísticos de posta en escena e calidade interpretativa.
- 5.4. A organización resérvase o dereito de incluír ata un máximo de dous espectáculos realizados por grupos de teatro locais de forma directa no certame.
- 5.5. As compañías seleccionadas deberán aportar declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de exclusión previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (ANEXO II).
- 5.6. Para poder facer efectivo o ingreso dos premios por selección, as **compañías finalmente seleccionadas** deberán aportar un xustificante bancario dun **número de conta do que sexan titulares**, para o ingreso dos importes correspondentes ós premios descritos no **ARTIGO 7**.

ARTIGO 6. XURADO.

A Concellería de Cultura e Praias propondrá un xurado que non terá por qué ser o encargado da selección das obras presentadas. Poderá estar formado por profesionais e persoas relevantes ou implicadas no mundo do Teatro e por representantes do Concello de Sada.

ARTIGO 7. PREMIOS.

Establécense os seguintes premios:

- 7.1. Establécese un premio de **400€ para as compañías seleccionadas** para a fase de representacións da Mostra. As compañías seleccionadas perderán todo dereito a recibir este premio si non fose posible representar a obra nalgunha das data dispoñibles para o certame.
- 7.2. Un premio de **400€ ó mellor espectáculo para o xurado** en base a criterios artísticos de calidade do texto escollido/creado, posta en escena, calidade das actuacións, escenografía, vestuario, uso do espazo escénico, proposta artística de iluminación e son...
- 7.3. Un premio de **400€ ó mellor espectáculo para o público**, mediante a puntuación media acadada na votación directa que se organizará despois de cada función.



XIII MOSTRA DE TEATRO. CONCELLO DE SADA. PREMIOS LUGRÍS FREIRE.



- 7.4. Haberá un recoñecemento do xurado **á mellor actriz**. Valorarase a expresión corporal, a proxección da voz e a dicción, o traballo de construción das personaxes, a coherencia da emoción que motiva a acción dos actores/actrices ó servizo das necesidades da historia que conta a obra. O premio será recoñecido con diploma e coa estatuíña oficial dos “Premios Lugrís Freire”.
- 7.5. Haberá un recoñecemento do xurado **ó mellor actor** en base aos mesmos criterios, tamén recoñecido con diploma e estatuíña.

NOTAS:

- Os grupos participantes con domicilio social en Sada non serán incluídos nos premios outorgados polo público.

ARTIGO 8. MEDIOS TÉCNICOS.

O Concello de Sada porá a disposición dos grupos seleccionados o material de iluminación e son que se detalla a continuación:

- Técnico de sala.
- Truss eléctricos con 4 varas (1 para focos frontais con 12 circuítos, 1 cenital con 6 circuítos, unha contra de 6 circuítos e unha contra de 12 circuítos).
- FOCOS: 2 recortes Strong e 2 Harmony; 14 pc Strong e Nota (1000Kw e 1200 Kw); 4 PAR (en lentes nº1 ou nº5).
- 2 módulos de dimmer Samson de 12 canais dobres cada un.
- 1 Mesa de luces ETC 1296 de 48 canais.
- Mesa de son de 8 canais.
- Reprodutor de CD “Samson” e DVD “TASCAM”.
- Amplificador e equipo de P.A. con 2 caixas de 500W, ampliáveis a 4 en caso necesario.
- Caixa negra (sen telón de boca de escena).
- **Cada compañía deberá traer os filtros necesarios para a iluminación da súa obra.**

A organización prevé a posibilidade de completar a dotación técnica descrita en caso necesario, coordinando cos grupos seleccionados as necesidades de montaxe.

ARTIGO 9. REPRESENTACIÓNS.

- 9.1. Realizaranse todas as representacións no Auditorio da Casa da Cultura Pintor Lloréns.
- 9.2. As tarefas de carga e descarga, así como a montaxe e desmontaxe de decorados e escenografía, serán realizadas por persoal da compañía ou grupo.

ARTIGO 10. DATAS.

As funcións de presentación das obras seleccionadas na XIII Mostra de Teatro do Concello de Sada, Premios Pintor Lloréns, terán lugar en tres fins de semana, dende o **sábado 9 ata o sábado 23 de setembro de 2017**, fixando o **sábado 30 de setembro para a realización da Gala de Clausura e entrega de premios da XIII Mostra**.

Sempre que sexa posible, a gala pechará coa estrea da última obra da Compañía Municipal de Teatro do Concello de Sada, ou ben doutra compañía invitada en caso de que o primeiro suposto non sexa posible.



Concello de Sada_Avenida da Mariña, 46_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias_ sada.cul@sada.gal

XIII MOSTRA DE TEATRO. CONCELLO DE SADA. PREMIOS LUGRÍS FREIRE.



sada.cul

ARTIGO 11. CONFORMIDADE.

Todos os participantes, polo mero feito de selo, aceptan as presentes bases na súa totalidade.

ARTIGO 12. ÓRGANO COMPETENTE.

O órgano competente para a ordenación, instrución e resolución do procedemento derivado das presentes bases será a Alcaldía.

Asdo.:

María Pardo Fafián.
Concelleira de Cultura e Praias.
Concello de Sada.

En Sada a 13 de febreiro de 2017.